

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONVENIO E CARÁCTER NON CONTRACTUAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA PARA A ORGANIZACIÓN DO II CURSO "CUESTIÓNS DE ACTUALIDADE E RELACIÓNS DE COLABORACIÓN CON AXENTES IMPLICADOS NA DISCIPLINA URBANÍSTICA"

1. Suxeitos, capacidade xurídica e competencia

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU) é un ente público de natureza consorcial adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que está dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamentos propios, así como plena autonomía no cumprimento das súas funcións. Entre os fins de natureza pública previstos no Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos desta entidade destaca o de velar pola utilización racional do solo conforme o disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Asemade, consonte aos artigos 4.a) e 10 do Plan de Inspección urbanística para os anos 2022-2023 (DOG núm. 43, do 3 de marzo de 2022), esta entidade ten a encomenda de mellorar a formación tanto do persoal propio como do persoal dos concellos que integran o propio ente consorcial, ademais da obriga de formar a cantos axentes interveñen no ámbito urbanístico, sexan públicos ou privados, todo elo co fin de conseguir unha mellor utilización racional dos recursos, así como evitar as situacións ilícitas.

Pola súa banda, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os seus fins a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.



2. Tipo de convenio

Ambas partes asinantes son entidades públicas instrumentais, que forman parte do sector público autonómico de Galicia, consonte ao previsto no artigo 45 letra a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia. Por conseguinte, atopámonos ante un convenio intradministrativo suscrito por organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da mesma Administración pública territorial, que responde ao tipo previsto no artigo 47.2 letra b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. Finalidade

Ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións de natureza pública establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador.

O desenvolvemento destas fórmulas efectúase ao abeiro do Protocolo de Actuación plurianual entre a EGAP e a APLU para o desenvolvemento xenérico de actividades de formación, divulgación e investigación no eido das súas respectivas funcións e competencias e , en especial, para a formación do persoal empregado público que presta servizos na APLU e nos concellos integrados nesta entidade de natureza consorcial.

4. Necesidade e oportunidade

É un dereito dos empregados públicos a formación continua e a actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, consonte ao establecido no artigo 14 letra g) do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei, así como no artigo 71 letra j) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En consecuencia, a dita formación constitúe unha obriga cuxa carga está atribuída ás Administracións Públicas e entidades do Sector Público.

Está acción formativa prevese unha vez avaliadas as necesidades de formación detectadas na organización consorcial. A abordaxe dalgunhas materias sobre as que versará a acción formativa foi proposta polo propio persoal destinatario do curso, tras poñer de manifesto ante á Dirección da APLU as súas carencias formativas sobre concretos aspectos da súa actividade habitual.

Asemade, non se localizou na actualidade unha actividade formativa de similares



características impartida pola EGAP ou por outra entidade formativa dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na que participen os diferentes axentes públicos que se relacionan para o desenvolvemento da disciplina urbanística en Galicia, co obxectivo de clarificar os seus mecanismos de colaboración e abordar cuestións de actualidade e intereses comúns.

5. Obxecto: acción formativa específica e destinatarios

Este instrumento convencional específico ten como obxecto o desenvolvemento conxunto da segunda edición dunha concreta acción formativa ou curso denominado II Curso "Cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística".

A segunda edición do curso "Cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística", que tivo unha cálida acollida na precedente edición do ano 2021, mantén a mesma finalidade de avaliar as principais novidades normativas na materia de ordenación do territorio e urbanismo dende o enfoque da práctica diaria dos diferentes axentes implicados. Esta edición focalízase na especial transcendencia práctica dalgunha das novidades normativas máis salientables da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como a relativa ao réxime das edificacións en situación de fóra do ordenación ou o réxime das edificacións tradicionais en solo rústico ou de núcleos rurais.

Por outra banda, esta segunda edición da acción formativa mantén o seu obxectivo inicial de clarificar as relacións entre os diferentes suxeitos que operan na defensa da ordenación do territorio, do urbanismo e do litoral: fiscalía, xulgados e tribunais do poder xudicial, as diferentes Administracións territoriais e con distintas competencias sectoriais, universidades ou colexios profesionais que velan polo adecuado exercicio das profesións cualificadas para o proceso de urbanización e edificación.

Así, mantense o interese en obter a visión de diferentes axentes que colaboran para o exercicio das súas respectivas potestades e competencias en defensa da legalidade territorial, urbanística e da ordenación do litoral en Galicia. Desta maneira, nesta concreta edición proxéctase a participación de representantes doutras entidades con competencias sectoriais que inciden sobre a ordenación territorial e urbanística, así como da visión de especialistas na materia procedentes da Maxistratura ou da Universidade.

Este curso está dirixido preferentemente á formación do persoal empregado público da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da APLU e das demais entidades adscritas á dita consellería, así como ao persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU, sempre que desenvolvan funcións relacionadas coa materia do curso.



Prevese un número aberto de prazas, ata o límite do aforo permitido no Salón de actos da EGAP, en atención ao número de posibles destinatarios interesados.

6. Financiamento

Dado o carácter específico da acción formativa e os concretos destinatarios aos que vai dirixida, os compromisos económicos destinados ao seu financiamento son asumidos pola APLU, con cargo aos seus orzamentos, tal e como se xustifica na Memoria Económica deste instrumento convencional.

7. Carácter non contractual

Consonte ao establecido nos artigos 4 e 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, os convenios acordados entre entidades de natureza xurídico pública dependentes das Administracións Públicas para o desenvolvemento conxunto das súas funcións de interese público sen ánimo de lucro, son negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación desta lei, sen prexuízo de que sexan de aplicación os seus principios para as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
Jacobo Hortas García

